

# Un acto de amor "público e íntimo" homenaxeou o mestre, o activista, o contacontos Xabier P. DoCampo

xoves 30, maio 2019



Homenaxe a Xabier P. DoCampo © @EstherG\_S - Moito Conto

No escenario do Rosalía léronse fragmentos da súa obra, proxectáronse vídeos e un gran número de persoas dedicáronlle palabras

"Sen dúbida, o acto de amor máis sublime que coñezo é contar unha historia", adoitaba dicir Xabier P. DoCampo, [finado hai case un ano](#). DoCampo, contador perenne de historias, deitou amor durante décadas a todos os que o escoitaron. Os seus amigos e amigas devolvéronlle parte dese amor nun acto de homenaxe que este mércores pola noite encheu o Teatro Rosalía da Coruña.

Presentado por Yolanda Castaño, no escenario do Rosalía léronse fragmentos da súa obra, proxectáronse vídeos, un gran número de persoas dedicáronlle palabras a DoCampo e Miro Casabella puxo a música, cantando "O meu país". **Como escribiu Esther Gómez, libreira en Moito Conto, foi "un acto de amor público e íntimo a un tempo".**

Antes do acto organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), o Centro Español de Derechos Reprográficos (CEDRO) e a Asociación Cultural Alexandre Bóveda (ACAB), **colocouse unha placa na casa na que DoCampo viviu durante anos na Coruña, na Praza González Dopeso, a carón da librería Azeta, que con tanta frecuencia visitaba.**

## **Colocouse unha placa na casa na que DoCampo viviu durante anos na Coruña**

No acto de homenaxe interviron Paco Martín a Xavier Senín, desde Fina Casalderrey a Suso de Toro, Alfonso García Sanmartín, Chus Fernández, Paula Carballeira, Manuel Bragado, Xosé Manuel Pereiro ou María Canosa, entre outros e outras. Entre eles e elas había compañeiros e compañeiras de xeración literaria **e tamén mestres e mestras que participaron no movemento de renovación pedagóxica e outras persoas que compartiron con el outros espazos, loitas e celebracións.**



Placa colocada na porta da casa na que vivía Xabier P. DoCampo na Coruña © AELG

"Botamos de menos o amigo e o compañeiro que traballaba en proxectos colectivos para este país e botamos de menos o seu falar esperanzado e ilusionante", [senalaba nesta entrevista Cesáreo Sánchez](#), presidente da AELG, que destacaba que "por moi indignado que puidese estar por moitas cousas, sempre había unha compoñente de ilusión esperanzada no futuro".

As homenaxes a Xabier P. DoCampo continuarán. **O martes 4 de xuño a Biblioteca Ánxel Casal de Santiago de Compostela acollerá un acto de lectura de textos do autor**, que será seguido por unha charla da crítica e máxima coñecedora da súa obra María Jesús Fernández.